



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O VALADOURO E A ASOCIACIÓN VAL DO OITO DE FERREIRA DE O VALADOURO CON DESTINO A FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025

A.- PARTE EXPOSITIVA

I.- Titulo:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O VALADOURO E A ASOCIACIÓN VAL DO OITO DE FERREIRA CON DESTINO A FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025”

En O Valadouro a 3 de setembro de 2025.

II- Intervintes:

Dunha parte, Don José Manuel Lamela Piñeiro, Alcalde – Presidente do Concello de O Valadouro con DNI 33819259J.

Doutra parte D. Roberto Añón Caamaño, con DNI 79329403B, en calidade de Representante da Asociación Val do Oito de Ferreira do Valadouro con C.I.F.: G-56318108.

III- Exposición:

- 1- Que a Asociación Val do Oito de Ferreira do Valadouro ten como fin exclusivo a celebración das festas patronais da localidade de Ferreira de Valadouro.
- 2- Que a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, posibilita no seu artigo 25, as funcións de promoción da cultura e a celebración das festas forman parte da tradición cultural do Concello.
- 3- As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que cooperen á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de forma individual ou asociada, quen libremente colaboren co cumprimento de fines colectivos convintes e desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo as actividades de que se trate.
- 4- Que o Concello de O Valadouro considera de interese social a celebración das festas do oito como patronais do Concello, ademais tendo en conta que a súa relevancia ao ser escollida como festa local entre os festivos locais do Concello.
- 5- Que por **Resolución de Alcaldía de data 3 de setembro de 2025** acordouse a concesión dunha axuda á Asociación Val do Oito de Ferreira do Valadouro co fin de colaborar coa devandita Asociación para a celebración das festas patronais.

A- PARTE DISPOSITIVA





I-OBXECTO.

1.1 O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o concello e a Asociación Val do Oito de Ferreira do Valadouro ten como fin exclusivo a celebración das festas patronais da localidade de Ferreira de Valadouro.

II-PETICIÓN DE AXUDA PRESENTADA.

2.1 A Entidade Beneficiaria solicitou a este Concello en data 28 de agosto de 2025 e número de rexistro de entrada 2025-E-RC-2500 unha axuda para a celebración das festas patronais cuxo importe ascende a cantidade de 13.000,00€ conxuntamente coa solicitude presentou a seguinte documentación:

-Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro e asunción do IVE.

-Declaración xurada do representante da Entidade de estar ao corrente de obrigas e non ter prohibición de ser beneficiario das axudas.

-Declaración responsable sobre obrigas do Beneficiario.

2.2.- Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitable respondan á natureza da actividade subvencionada

2.3.- Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considerarase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e xustificantes de pago.

III-FINANCIACIÓN MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU SE APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

3.1.- O Concello do Valadouro financiará a actividade da Asociación Val do Oito de Ferreira do Valadouro , tal e como se define na cláusula anterior, cunha aportación máxima de TRECE MIL (13.000,00) €.

3.2.- O importe da financiación municipal farase efectivo con cargo a aplicación orzamentaria 338.480.

3.3.- A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen que a mesma poida ser illada ou conxuntamente con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos exceder do importe total do gasto da actividade efectivamente xustificado.

3.4.- No caso de que a concorrencia de axudas e subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorase a aportación municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ó apartado anterior.





IV-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

4.1.- O outorgamento dos contratos de servizos ou subministros necesarios para a execución da actividade correspóndelle á ENTIDADE BENEFICIARIA.

4.2.- A contratación de persoal ou de servizos para o desenvolvemento das actuacións subvencionadas non implica relación laboral ou contractual algunha entre estes traballadores ou empresas e este Concello, polo que non se poderá esixir a este Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante do desenvolvemento das actuacións subvencionadas, obxecto do presente convenio.

V.- COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN COMISIÓN FESTAS DO OITO DE FERREIRA DO VALADOURO (en adiante a Asociación)

5.1.- A Asociación comprométese á realización das actuacións subvencionadas e ao pagamento de cantos dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnización aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

5.2.- A Asociación deberá atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá manterse ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa liquidación e extinción.

5.3.- En particular a Asociación queda obrigada á:

- a) Comunicar ao Concello por escrito a solicitude e obtención de axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.
- b) Comunicar por escrito a modificación das circunstancias que motivaron a concesión da subvención.

VI- ANTICIPOS.

Concederáse un anticipo do 75% con dispensa de garantía sobre o importe total subvencionado, de acordo coa solicitude efectuada pola persoa interesada.

Para o abono do anticipo o beneficiario deberá achegar a seguinte documentación:

1. Documento emitido pola entidade bancaria, na que figure o CIF da Asociación, e se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo.

VII.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A APORTACIÓN MUNICIPAL.

7.1.- Unha vez finalizada a actividade subvencionada á ENTIDADE BENEFICIARIA deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada antes do 30 de novembro de 2025. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada, así como as demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

7.2.- A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación pola ENTIDADE BENEFICIARIA da seguinte documentación xustificativa:

- a) Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores





co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e no seu caso as datas de pago. Con esta relación achegaranse as facturas orixinais ou fotocopias compulsadas polo Secretario da Corporación ou autenticada ante Notario xustificativas dos gastos efectuados. Ditas facturas deberán estar expedidas a nome da Asociación ou no seu caso ó cargo do presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

- b) Relación no seu caso doutras axudas solicitadas ou concedidas á Asociación para a mesma actividade.
- c) Certificado de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias (estatais, autonómicas e locais).
- d) Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas coa seguridade social.
- e) Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- f) Documento emitido pola entidade bancaria no que se sinala a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

7.3.- O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se procederá ao seu abono no caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

VIII-VIXENCIA DO CONVENIO.

8.1.- A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.

A data límite de vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento, salvo prórroga exprese antes da súa finalización o 31 de decembro de 2025, respetando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP

8.2.- O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contadante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Este convenio regulador de subvención non poderá ser prorrogado.

IX- PRAZO PARA A FINALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

9.1.- Unha vez finalizadas as actividades A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental a que se refire a cláusula OITAVA antes do 30 de novembro de 2025.

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, O Concello remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda de axuda e demais responsabilidades previstas neste Convenio e na





lexislación aplicable ó respecto.

X-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

10.1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ó pago dos xustificantes de gasto presentados.

10.2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación de fondos recibidos ó pago deberá quedar acreditado documentalmente dentro dos trinta días seguintes ó do ingreso da subvención por parte do Concello do Valadouro. A falta de acreditación da efectividade do pagamento considerase como causa de reintegro da subvención concedida.

XI-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

11.1.-Serán causas de resolución do convenio e por tanto de revogación da subvención concedida as seguintes:

- a) O incumprimento total ou parcial das condicións establecidas no mesmo.
- b) A desviación da subvención para actividades ou conceptos non incluídos no mesmo.
- c) O incumprimento da obriga de xustificación durante o prazo de vixencia do mesmo.
- d) A duplicidade de subvencións para a mesma actividades sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras Administracións Públicas.
- e) A aplicación a fins distintos dos previstos.

11.2.- As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

XII-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN OU XURISDICCIÓN COMPETENTE.

12.1.- O presente convenio ten a natureza administrativa e para resolver as dubidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas se aplicarán as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

12.2.- A interpretación das dubidas e que puideran xurdir en aplicación do correspondente convenio corresponderalle ao Concelleiro Delegado de Cultura do Concello.

12.3.- Corresponderalle ós órganos da xurisdición contencioso- administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia do presente convenio.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes firman o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.





O alcalde-presidente: José Manuel Lamela Piñeiro.

O secretario-interventor acumulado: Alfredo Sesar Peón.

O Representante da Asociación: Roberto Añón Caamaño

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

